

1 Le o texto e responde.

**A que xogamos?**

Os amigos saíron tarde ao patio. Tiñan pouco tempo e cumpría elixir un xogo rapidamente. Uxío preguntou se xogaban a pillar, pero Mariña contestou que ía demasiada calor para correr. Daquela, Xoán suxeriu que xogasen ao vexo, vexo, pero Iria exclamou que iso era moi aburrido. Xoán insistía en que era divertido, porque no patio había moitas cousas de materiais, formas e cores diferentes. Pero Mariña afirmaba que era un xogo de meniños. E discutindo, discutindo... Riiing! Soou o timbre e o recreo acabou! Que rabia!



- Que persoas falan no texto? \_\_\_\_\_
- Copia os verbos que introducen o que di cada personaxe.  
 \_\_\_\_\_ preguntou \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_ \_\_\_\_\_

2 Escribe o texto anterior convertendo nun diálogo directo a conversa entre os personaxes.

Os amigos saíron tarde ao patio. Tiñan pouco tempo e cumpría elixir un xogo rapidamente. Uxío preguntou:

-Xogamos á pilla?  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

# Actividades de repaso

1 Arrodea todos os pronomes que atopas nesta conversa.



2 Clasifica os pronomes que arrodeaches na actividade anterior.

	1. <sup>a</sup> persoa	2. <sup>a</sup> persoa	3. <sup>a</sup> persoa
pronomes persoais tónicos	_____	_____	_____
pronomes persoais átonos	_____	_____	_____

3 Copia substituíndo cada fragmento destacado pola contracción do pronome átono que corresponda. Fíxate na colocación do pronome e na acentuación.

- O pai deulles **a merenda** aos fillos. ▶ \_\_\_\_\_
- Non **vos** trouxen **a película**. ▶ \_\_\_\_\_
- Seica **nos** regalaron **un ordenador!** ▶ \_\_\_\_\_
- Iria mandouche **unha mensaxe**. ▶ \_\_\_\_\_
- Deille **unha aperta** a miña irmá. ▶ \_\_\_\_\_
- Quizais **vos** anuncie **a nova** mañá. ▶ \_\_\_\_\_
- A avoa cóntame **moitos contos**. ▶ \_\_\_\_\_